[PLG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **10 de maio de 2024, ás 10:35 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)
(Presidenta)
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Gonzalo Trenor López)
(Vicepresidenta -en funcións)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
María Deza Martínez
Miguel Fidalgo Iglesias
Patricia García González
María Dolores Hermelo Piñeiro
Rubén Lorenzo Gómez
Noelia Pérez López
Cristina Sanz Arias
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
Óscar Insua Lema
Rosana Pérez Fernández
Brais Ruanova Vilas-Boas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Outros asistentes:
Julio García Comesaña (P)
Comparecentes:
Interventora xeral da Comunidade Autónoma
Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta, logo de darlle a benvida a todos os membros desta Comisión, abre a sesión e rógalle á señora Pomar Tojo (P) –quen fai as funcións de secretaria– que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes. Unha vez verificado o quórum de constitución, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión:

Punto 1. Elección da secretaría da Comisión
(12/CEEM-000020)

A señora presidenta informa que, vacante a secretaría pola baixa na súa condición de deputada da súa titular, procédese a súa elección. A estes efecto lembra o procedemento a seguir para a votación nominal, que será secreta, mediante papeletas nas que se debe escribir un só nome; que o chamamento se efectuará por orde alfabética de primeiro apelido e resultará elixido ou elixida quen obteña maior número de votos.

Por conseguinte, ao estar distribuídas as papeletas correspondentes polos Servizos da Cámara, solicita da señora Pomar Tojo, que actúa como secretaria, que inicie o chamamento por orde alfabética de apelidos. Unha vez rematada a votación o resultado do escrutinio é o que se reflicte a seguir:

Noelia Pérez López (P)..... 9 votos
En branco ..... 8 votos
Votos nulos ..... 0 votos

Total de votos emitidos ..... 17 votos

En consecuencia, resulta elixida **secretaria** da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, **Noelia Pérez López**, do G.P. Popular de Galicia, quen pasa a ocupar neste intre o seu posto na Mesa da Comisión.

A continuación, pásase á tramitación do punto segundo:

Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

A señora presidenta pregunta aos membros da Comisión se están de acordo en aprobar a precitada delegación, nos termos establecidos no apartado 1 do acordo interpretativo aprobado pola Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Non se manifesta ningunha obxección nin oposición ao respecto, polo que se entende **aprobada por asentimento** a devandita delegación (artigo 88 do Regulamento da Cámara).

PARLAMENTO DE GALICIA

Deseguido, éntrase no desenvolvemento do punto terceiro:

Punto 3. Preguntas

A señora presidenta dá conta da entrada no Rexistro do doc. núm. 3258, no que a Xunta de Galicia solicita o aprazamento da pregunta núm. 1308, do señor Fernández Alfonzo e outros deputados, debido á imposibilidade de asistencia da persoa encargada de darlle resposta por razóns de axenda; aprazamento que se acepta por asentimento, xa que logo, queda aprazada:

3.1 1308 (12/POC-000202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre os datos dos últimos cinco anos referidos aos custos indebidos asumidos polo Sergas pola determinación incorrecta das continxencias, profesionais ou comúns, na cualificación das patoloxías, así como os relativos ás patoloxías, mutuas, intervencións cirúrxicas e tempos de baixa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f3, do 18.04.2024

(A señora presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara, e ocupa o seu lugar a señora vicepresidenta –en funcións–, Carmen María Pomar Tojo)

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

3.2 1792 (12/POC-000293)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis
Sobre a execución orzamentaria do Goberno galego correspondente ao exercicio de 2023, a súa valoración por áreas, as modificacións orzamentarias e o recurso ao fondo de continxencia, así como sobre as recomendacións do Consello de Contas neste aspecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024

Intervén a señora Presas Bergantiños (BNG), quen procede a formulación da súa iniciativa sobre a valoración do Goberno galego respecto da súa execución orzamentaria e as medidas que vai impulsa.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a señora interventora xeral da Comunidade Autónoma (Consellería de Facenda e Administración Pública), Almudena Chacón Pichel.

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de réplica a señora Presas Bergantiños (BNG) non concorda coa información recibida e expón novas consideracións ao respecto ás que lle contesta nunha nova intervención a señora interventora xeral da Comunidade Autónoma (Consellería de Facenda e Administración Pública), Almudena Chacón Pichel, quen contesta ás consideracións formuladas e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A Presidencia agradécelle á señora Chacón Pichel a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpaa de seguir na sesión da que se ausenta.

A continuación, éntrase na tramitación do punto cuarto:

Punto 4. Proposicións non de lei

Previamente, a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do doc. núm. 3520, polo que G.P. dos Socialistas de Galicia solicita o aprazamento da proposición non de lei, da súa autoría, doc. 1068 (4.2). Aprazamento que se acepta por asentimento, xa que logo, queda **aprazada**:

4.2 1972 (12/PNC-000244)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as bases nas que debe fundamentar a Xunta de Galicia o desenvolvemento dunha nova política económica activa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

Deseguido, pásase ao debate da primeira iniciativa:

4.1 1068 (12/PNC-000104)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a demanda ao Goberno galego dun informe relativo á estratexia, ás prioridades e ao grao de execución en Galicia dos fondos React-EU e do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A Presidencia, concédelle a palabra á señora Iglesias Rey (S), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei con ampliación das manifestacións que se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra as señoras: Presas Bergantiños (BNG) e Sanz Arias (P); ambas intervenientes deixan constancia da súas argumentacións co pronunciamento favorable da voceira do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e o rexeitamento da voceira do G.P. Popular de Galicia *(No*

PARLAMENTO DE GALICIA

decurso desta última intervención a señora Presas Bergantiños (BNG) ocupa de novo o seu lugar na Mesa da Comisión).

Na rolda de puntualizacións a señora Iglesias Rey (S), expón diferentes consideracións sobre o posicionamento manifestado polo G.P. Popular de Galicia, insiste na defensa da súa proposta e agradece o apoio amosado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

A seguir, a señora presidenta somete a votación a iniciativa, **1068 (12/PNC-000104), do G.P. dos Socialistas de Galicia,** que resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 7(S+BNG)
. votos en contra ..... 9(P)
. abstencións..... 1(M)

Por último, pásase á tramitación do punto quinto da orde do día:

Punto 5. Dación de conta

5.1 Estado de execución orzamentaria

60098 (11/ESEX-000013)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Execución orzamentaria do segundo trimestre de 2023
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 570, do 27.09.2023

63640 (11/ESEX-000014)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Execución orzamentaria terceiro trimestre de 2023
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 4, do 03.04.2024

5.2 Modificacións orzamentarias

366 (12/ESEX-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Execución orzamentaria cuarto trimestre de 2023
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 4, do 03.04.2024

59902 (11/MOP-000040)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto de 2023
Publicación, BOPG n.º 570, do 27.09.2023

PARLAMENTO DE GALICIA

62619 (11/MOP-000042)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2023
Publicación, BOPG n.º 604, do 29.11.2023

63754 (11/MOP-000043)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de novembro de 2023
Publicación, BOPG n.º 4, do 03.04.2024

2196 (12/MOP-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de decembro de 2023
Publicación, BOPG n.º 16f1, do 24.04.2024

2197 (12/MOP-000002)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2024
Publicación, BOPG n.º 16f1, do 24.04.2024

5.3 Información do IGAPE

481 (12/IIGA-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información do Instituto Galego de Promoción Económica sobre a situación das operacións de crédito e préstamo vixentes a 31 de decembro de 2023 e dos avais correspondentes ao mesmo período
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 05.04.2024

5.4 Disposición do fondo de continxencia

61614 (11/IDFC-000007)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Informe sobre a disposición do fondo de continxencia correspondente ao terceiro trimestre de 2023
Publicación do informe, BOPG n.º 588, do 02.11.2023

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta sinala que a documentación que se relaciona neste quinto punto da orde do día xa obra en poder dos membros desta comisión, dado que se entende que xa se deu conta dela.

Non hai solicitudes de intervencións, polo que, queda substanciado o precitado punto.

Ao esgotarse o debate dos asuntos incluídos na orde do día, a señora presidenta agradécelles a todos a súa colaboración e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 11:45 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo as papeletas emitidas para a elección da secretaría desta Comisión -votación do punto 1-).

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.05.24 14:10:46 +02'00'

Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.05.23 13:29:15 +02'00'

Noelia Pérez López
Secretaria da Comisión